

INFRAESTRUTURAS E URBANISMO

INFRAESTRUTURAS

- Substituír as luminarias das principais rúas do casco urbano coa fin de facer do Centro un lugar ben iluminado e seguro para os viandantes
- Activación urxente dun Plan de Mantemento das vías urbanas e parroquiais e de limpeza das cunetas das estradas no noso rural.
- Activación inmediata dun Plan de Humanización das rúas municipais.
- Acondicionamento dos camiños peatonais veciñais.
- Construción e reubicación, en consenso coa Xunta de Galicia, dun novo edificio dos Xulgados mellor dotado, máis accesible, e liberando o actual edificio para dedicalo a usos municipais.
- Rehabilitación integral da Ponte da Ferrería (varandas, beirarrúas, alumeado, eliminación de vexetación e limpeza)
- Xestionar co Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana a urxente construción do acceso á AP9 en Carracedo (entrada dirección Santiago e saída vindo de Santiago).
- Construción e posta en funcionamento dunha nova ronda urbana, aberta e con beirarrúas que conleva unha nova ponte sobre o río Umia alternativa á da Ferrería e que une a N640 coa N550 dende as Silgadas ata O Pazo e con conexión na Avda. Doña Urraca.
- Plan de Humanización da Rúa da Ferrería.
- Recuperación integral da ponte de pedra de Segade de Abaixo, rehabilitación do estanque e posta en valor dos muíños.
- Novo estrada de acceso para os vehículos ao cemiterio municipal e urxente mellora das instalacións do camposanto.
- Xestionar co Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana a execución do estudo de construción da variante Oeste de Caldas, dende o nó de Tivo ata Saiar, con enlace na estrada de Portas.
- Remate do tramo do sendeiro á Fábrica da Luz en Segade de Arriba
- Instalación de luminarias e limpeza da rotonda da N550 en Tivo e na de San Simón en Godos.
- Dotar ao noso concello de puntos de carga para vehículos eléctricos.
- Construción dunha edificación para os servicios municipais que actualmente están de aluguer en varias naves.
- Estudo de alternativas para a adquisición da parcela contigua á Casa do Concello para usos municipais.
- Acondicionamento do acceso o lugar de A Riva en Godos dende a N640.
- Dotar á N550 no núcleo de Reguengo en Godos de beirarrúas e solicitar a instalación dun paso de peóns.
- Dotar ao lugar de A Riva en Godos dun parque infantil.

- Iluminar e sinalizar adecuadamente os pasos de peóns do noso Concello para a mellora da seguridade viaria e, en especial, os do casco urbano.
- Acondicionar o Camiño da Senra en Follente, Bemil.
- Reforma integral da Rúa Loureiros recentemente construída e que se atopa nun estado lamentable.
- Requirir á Deputación de Pontevedra a reforma integral da estrada Caldas-Catoira, especialmente no tramo de concentración de accidentes.
- Acondicionamento da pista forestal Paradela-Cardín.
- Mellorar a zona da carballeira en Carracedo, creando unha área de descanso para peregrinos, con novas zonas de aparcamento, recuperación do campo de fútbol e do parque infantil e dotalo de mobiliario urbano, coa construción do muro demandado dende hai anos polos veciños.
- Ancheamento dun Camiño da Fonte, no lugar de Cruceiro, en Carracedo, para garantir o acceso aos vehículos de emerxencias e suministros cara ás casas do lugar.
- Xestionar co Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana a construción dun novo enlace da estrada Caldas-Moraña coa N640.
- Creación dunha rede de bocas de incendio nas rúas.
- Humanización integral da rúa da Veiga.
- Posta en marcha dun programa que inclúa a axeitada sinalización das rúas do casco urbano, das parroquias e os lugares do noso rural.
- Reforma das beirarrúas con eliminación de tódalas barreiras arquitectónicas aínda existentes.
- Construción de lombos redutores da velocidade dos vehículos en Somonte (Santa María).
- Colocación de novos apeadoiros nas parroquias.
- Impulso ante a Xunta de Galicia para a finalización dos procesos de concentracións parcelarias de Saiar e Godos.
- Xestionar ante a Xunta de Galicia o impulso nos traballos da parcelaria de Bemil.
- Solicitud de novos procesos de concentración parcelaria (San Clemente, San Andrés ...)
- Solución definitiva aos numerosos problemas existentes por falta de mantemento na rede de sumidoiros do casco urbano.
- Xestionar ante o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana a urxente construción de beirarrúas en Veigas de Almorzar (dende o Hotel Sena ata Monte Meán), Tivo, Bemil, Godos, dende a piscina municipal ata a entrada a Segade de Arriba na N640.
- Xestionar ante a Deputación de Pontevedra a urxente mellora da estrada EP8002 no tramo que vai de Aboi a San Clemente.
- Esixir ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana o correcto mantemento do firme das estradas da súa titularidade.
- Mellora da seguridade viaria na contorna dos centros educativos Alfonso VII, San Fermín e Salesianas.
- Dotar á urbanización de Pedra do Pan dun novo vieiro de acceso e substitución do alumeadado público.

- Repoñer o asfaltado no antigo tramo da N640 en San Andrés que é de titularidade municipal.
- Reforma do edificio municipal da Tafona (antiga Fundación Comarcal).

URBANISMO

- Posta en marcha dun plan de vivenda.
- Contratación do Plan Especial de Protección, Reforma Interior e Conservación Artística do caso antigo de Caldas de Reis (Peprica) que esixe o PXOM.
- Elaboración e aprobación do plan especial de protección e rehabilitación do Casco Vello previsto no plan xeral.
- Posta en marcha dun novo programa de axudas ARI, pero esta vez con dotación municipal para sumar ás do Estado e da Xunta de Galicia, de maneira que chegue para todos e que as axudas sexan máis elevadas, así como establecer campañas de información para que éstas poidan chegar á maior cantidade de veciñ@s posible.

SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS

- Compromiso real de posta a disposición da Consellería de Sanidade, antes de que remate o ano, dos terreos necesarios para a urxente construción dun novo centro de saúde, moderno, cómodo, con novas especialidades e máis accesible, e que inclúa un espazo para o servizo de matrona, fisioterapia, odontoloxía....
- Impulsar ante a Xunta de Galicia a posta en marcha dun Centro de Día no noso termo municipal.
- Centralización dos Servizos Sociais municipais nun único edificio de carácter municipal.
- Implementar, en coordinación coa Consellería de Sanidade, o Plan Galego de Hospitalización a domicilio (HADO) en todo o termo municipal.
- Proxecto de ampliación do edificio da Escola Infantil que permita ofertar un maior número de prazas (neste momento temos 39 nenos dos 145 nenos existentes en Caldas de Reis de 0 a 3 anos -ratio do 27% de atención pública a infancia-), e conservar a xestión municipal de este servizo
- Eliminación de barreiras arquitectónicas e dotación de novas prazas de estacionamento para o colectivo de persoas de mobilidade reducida.
- Mellorar a Asistencia Social aos colectivos máis desfavorecidos.
- Colaboracións coas ONG'S e colectivos que traballen no auxilio social especialmente con Cáritas.
- Fomentar a saúde cun programa de termalismo social dirixido a tódolos veciños de Caldas de Reis.
- Transparencia nas liñas de axudas sociais municipais, nos criterios de asignacións e no uso dos bonos de emerxencia.
- Creación dunha bolsa de becas para familias caldenses con dificultades, tanto para o pago da matrícula da Escola Municipal de Música, como para libros e materiais.
- Ampliar a dotación económica destinada ao Servizo de Axuda no Fogar para chegar cada vez a máis usuarios.
- Activar no noso Concello o programa Xantar na Casa da Xunta de Galicia.

EDUCACIÓN E CULTURA

EDUCACIÓN

- Asinar convenios coas Universidades para a realización de Cursos de Verán no noso concello.
- Colaborar na importantísima ampliación do IES Aquis Celenis, cumprindo o convenio asinado polo Alcalde que inclúe uns novos accesos e mercar terreos para aparcadoiros.
- Dotar o IES Aquis Celenis, tra-la ampliación, de módulos de Formación Profesional.
- Construción dun novo Auditorio Municipal.
- Impulsar o uso intensivo da Biblioteca Municipal P. Martínez Ferro, ampliando o seu fondo editorial.
- Potenciar as escolas infantís do rural de tal xeito que se garanta que todas elas posúen as mellores condicións de habitabilidade e hixiene.
- Atender as demandas de melloras no centro CEIP San Clemente, especialmente a substitución da cuberta.
- Mercar e acondicionar os terreos na Mariñoleira, entre o Instituto e a Carballeira, como zona deportiva e de espaxamento.
- Creación dunha aula de estudo para os veciños, con horario de apertura amplo e coas comodidades que precisa unha aula de traballo deste tipo.
- Sinatura dun Convenio coa Xunta de Galicia que garanta a potenciación do Centro Ocupacional O Saiar, con mellora das súas instalacións e xestionar a ampliación das súas prazas.
- Mellorar e ampliar o funcionamento do Plan Madruga coa fin de beneficiar á maior cantidade de usuarios posibles en tódolos centros públicos.
- Recuperación do Festival musical Cultura Quente na Carballeira
- Colaborar coas ANPAS dos centros de ensino do noso concello na procura de acadar un servizo excelente nos seus centros.
- Ampliar o comedor do CPI Alfonso VII para atender o incremento de demanda.
- Realización de actos de celebración no 2023 dos 50 anos do CPI Alfonso VII.

CULTURA

- Creación dun BONO CULTURA 2023 para todos @s xóvenes caldenses de 12 a 30 anos, que poderán canxear por un pase o Festival Portamérica ou investilo nos establecementos do noso Pobo que estean asociados a este programa (librerías, cine, etc.)
- Diseñar un Plan Integral para a recuperación da Fábrica de Luz de Segade como Museo etnográfico e lugar de lecer.
- Rehabilitación do órgano da Igrexa de Santo Tomás e reparación do reloxo da torre.

Fernando
Pérez




C/ Juan Fuentes Echevarría, Nº 3-5 1º
36650 Caldas de Reis
Pontevedra


T. 621224620
E. info@ppcaldas.es

 @ppcaldasdereis

 @pp_caldasdereis

 @pp_caldasdereis

 621 224 620

 ppcaldas.es

- Estudiar a viabilidade da escavación dos castros no noso termo municipal, así como a posta en valor do campamento romano da Lexión X Gemina sito en A Pedregueira.
- Valorizar o Tesouro de Caldas de Reis e os puntos de referencia vinculados a este importantísimo patrimonio local.
- Colaboración municipal no acondicionamento do aparcadoiro anexo a Igrexa de San Clemente.
- Mantemento e sinalización dos nosos petroglifos.
- Recuperación dos muíños do río Sanxumil en Saiar.
- Posta en marcha dun ambicioso Plan de Potenciación dos espazos da Rúa Real e o casco vello que inclúa a mellora integral da principal vía histórica do noso pobo, contribuíndo con elo á revitalización deste emblemático enclave e a súa contorna.
- Creación dunha programación cultural nos centros sociais das parroquias.

MEDIO AMBIENTE

AUGA E RÍOS

- Recuperación integral e protección dos nosos ríos e o seu entorno.
- Melloras no abastecemento do casco urbano, OBXECTIVO = 100% auga de mananciais.
- Redactar e convocar unha línea de axudas ás comunidades de usuarios que o precisen para a mellora dos abastecementos de auga.
- Acondicionamento dun paseo pola beira do Umia ata Ponte Currucho, recuperación do entorno e remate da ponte peonil a Lantaño.
- Establecemento dun Programa anual de Limpeza e recuperación de todas as fontes públicas e lavadoiros do Concello.
- Limpeza do tramo urbano do río Umia.
- Eliminación dos sedimentos no tramo urbano dos leitos dos nosos ríos.
- Negociación dun convenio de colaboración coa Xunta de Galicia que garanta solucións definitivas para a o control e erradicación da Microcistina no Río Umia.
- Na Praza das Palmeiras substituír as palmeiras destruídas polo picudo por unhas novas e cambio do alumado e árbores do Paseo Román López.
- Eliminación das algas invasoras do río Umia no seu tramo urbano.
- Recuperación para uso público da mina de auga do antigo convento dos Pasionistas.

MEDIO RURAL E MONTES

- Promover e asinar convenios de colaboración coas Comunidades de Montes para a execución das súas demandas.
- Creación da Mesa Local de Comunidades de Montes.
- Solicitar a Xunta de Galicia un camión motobomba para a loita contra os incendios.

NATUREZA

- Plan de recuperación integral do Parque-Xardín, Carballeira e Palmeiras.
- Recuperación e posta en valor das praias fluviais dos Choróns e do Malecón.
- Dotar o casco urbano de varias zonas de aparcamento de bicicletas.
- Impulso para a creación dun Programa que promova e potencie as Rutas de Sendeirismo en todas a parroquias do noso concello.
- Remodelación e recuperación do Xardín do Asilo para uso dos veciños, recuperación da paxareira, e recuperar a realización nel das actividades do Nadal.
- Mellorar a recollida selectiva de lixo e residuos en xeral. Fomentar a reciclaxe e a compostaxe.
- Plan de choque inicial: LIMPEZA INTEGRAL DAS RÚAS e Plan de Mantemento mensual que garanta a absoluta limpeza das mesmas.
- Confección urxente dun calendario anual de limpeza e mantemento dos viais do rural.
- Creación, sinalización e rexistro de rutas de sendeirismo, ebike ou bici de montaña

LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN

- Acadar o saneamento integral de todo o Concello.
- Creación dun Programa Integral de Mantemento de tódalas depuradoras de Augas Residuais do noso concello.
- Creación dun Punto Limpo.
- Eliminación de calquera tipo de vertedura sen depurar o ríos do noso Pobo.
- Impulsar un plan de aforro enerxético para todo o Concello, rematando coa contaminación lumínica.
- Solución definitiva aos problemas da rede de sumidoiros (cheiros, estados das bocas,...)

TURISMO

- Sinalización e valorización dos recursos turísticos das parroquias rurais e do casco urbano.
- Posta en marcha do programa "Termalismo para os Caldenses".
- Impulsar as Festas Gastronómicas, especialmente a Festa do Costillar á Estaca de San Clemente e a Festa dos Callos de Carracedo e recuperar, en colaboración coa Asociación de Hostaleiros, a Festa do Roscón.
- Impulsar, a tódolos niveis, a promoción da excelencia turística da hostalaría e restauración do noso concello.
- Potenciar a idea de "Caldas: Xardín e Balneario de Galicia".
- Recuperación urxente das praias fluviais dos Choróns e do Malecón e legalizalas como zonas de baño e de lecer para os caldenses.
- Posta en marcha de ferramentas dixitais sobre o turismo en Caldas de Reis que conteña os principais puntos de interese do noso Concello.
- Creación da Mesa Local da Hostalería.
- Asinar un protocolo de colaboración cos dous balnearios de Caldas de Reis, para potenciar o termalismo no noso pobo.

CAMIÑO PORTUGUÉS

- Colaboración coa Xunta de Galicia para garantir, durante todo o ano, a limpeza, mantemento e melloras no Camiño Portugués a Santiago.
- Realización do proxecto para o tramo do Camiño de Santiago en Arcos da Condesa na zona onde se sitúan as vivendas, para que se poida compatibilizar tráfico rodado e peregrinos, así como a dotación definitiva de rede de saneamento.

ECONOMÍA E EMPREGO

- Impulso ante tódalas administracións públicas para a posta en marcha do Polígono Industrial Paradela – Carracedo.
- Garantir dende o goberno local solucións definitivas para regularizar a situación urbanística das industrias existentes e para que poidan ampliar as súas instalacións e seguir investindo no noso Pobo.
- Creación de novas prazas de aparcamento nas entradas do casco urbano.
- Plan para a redución de impostos e taxas municipais que baixe, dende o primeiro ano de mandato, a presión fiscal ás familias caldenses.
- Posta en marcha dun ambicioso Plan de Emprego Municipal.
- Impulsar a actualización do Convenio dos empregados públicos do noso Concello.
- Sinatura de Convenios coa Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e de Empresarios.
- Potenciación da Praza de Abastos, cunha nova ordenanza, e con mellora das instalacións.
- Impulsar a Mesa Local do Comercio.
- Posta en marcha dunha liña municipal, con carácter anual, de axudas que fomenta e impulse o emprendemento e a creación de empresas.
- Redución da tarifa de ocupación da vía pública por obras para adaptala a un prezo razoable.
- Facilitar que edificios e vivendas unifamiliares instalen placas solares fotovoltaicas fomentando, deste xeito, o autoconsumo.

DEPORTE

- Creación da figura dun coordinador deportivo municipal.
- Supresión de tódalas taxas municipais para o uso das instalacións deportivas (pavillón polideportivo, pista de pádel....)
- Construción dunha zona polideportiva nas Corticeiras que supoña o aproveitamento de tódalas zonas aledañas actualmente nun estado de conservación e falta de uso lamentable.
- Construción dunha Piscina Pública ao aire libre dotada cos servizos necesarios para que sexa un polo de atracción turística e de desfrute de tódolos veciñ@s de Caldas durante o período estival.
- Acondicionamento e dotación do campo de fútbol de Godos.
- Posta en marcha de escolas deportivas municipais nas parroquias caldenses.
- Novo acceso á pista polideportiva do pavillón municipal dende os centros educativos.
- Creación de campionatos municipais intercentros e promoción de actividades extraescolares.
- Apoio aos clubs deportivos e aos deportistas do Concello.
- Creación dunha bolsa de Becas de axuda @s deportistas caldenses de elite.
- Reforma do Pavillón Municipal e dotación de mampara para realización de actividades simultáneas.
- Mantemento e modernización de tódalas infraestruturas deportivas do noso concello.
- Construción dunha nova estrada de acceso ao Campo das Corticeiras que permita implementar un sentido único de circulación, evitando os colapsos actuais.
- Construción de novas pistas deportivas (multideporte, skate, patinaxe, tenis, entre outras)
- Creación de pistas multideporte no rural.
- Recuperación das pistas deportivas da Tafona.
- Mellora das dotacións deportivas dos centros escolares.
- Adecuación do Pavillón de San Clemente.
- Creación dun pista de terra na Aboi para deportes de motor e bicicleta.

SERVIZOS MUNICIPAIS E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

SERVIZOS MUNICIPAIS

- Impulsar unha nova web do Concello, buscando máis axilidade e accesibilidade.
- Potenciación das novas canles de comunicación coa veciñanza.
- Coordinar coa Dirección Xeral do Catastro a revisión das fincas rústicas mal catastradas.
- Obxectivo: fibra para todas as vivendas do noso municipio.
- Remate e posta en marcha do Plan Municipal de Emerxencias.
- Mellorar o convenio e a dotación da Agrupación local de Protección Civil.
- Mantemento adecuado dos parques infantís municipais.
- Impulsar o transporte público colectivo entre as parroquias.
- Mellorar a rateo de atención na axuda do fogar, actualmente tan só temos atendidos a 57 usuarios e a 49 en lista de espera, o que nos sitúa nunha rateo actual do 52% de atención, e mellorar a retribución do Concello a empresa concesionaria do servizo no fogar ata acadar o precio que paga a Xunta de Galicia os concello por hora.
- Elaboración dun Plan Estratéxico "Caldas de Reis: Presente e futuro do noso pobo".
- Modificar o PXOM en relación aos rótulos publicitarios dos establecementos, por ser excesivamente restritivo en medidas e o cambio de uso das retoras do rural para que se poidan utilizar para o Turismo.
- Eliminación da cita previa para o Concello e recuperar inmediatamente a atención presencial.
- Redacción do Inventario de Bens Municipais de Caldas de Reis.
- Negociación dun convenio de colaboración que regule as relacións do Concello con la ELM de Arcos da Condesa.
- Valorización do Centro Social de A Baxe como un lugar para a participación veciñal.
- Revisar e fiscalizar en profundidade as contas do equipo de goberno saínte e redactar un informe para presentar aos veciños.

PARTICIPACION VECIÑAL

- Fomentar o voluntariado entre os nosos moz@s a tódolos niveis.
- Dotación de locais de uso social das actuais instalacións do Centro de Saúde e dos Xulgados (unha vez que se trasladen ás novas ubicacións).
- Potenciación da participación dos nosos maiores, fomentando o asociacionismo, a formación do acceso ás novas tecnoloxías, a actividade física, as actividades culturais, as viaxes...
- Abrir o Concello aos colectivos e fomentar o tecido asociativo, establecendo canles de colaboración continuas (Asociación de Mulleres Rurais, Asociacións de Veciños, Comunidades de Montes, Asociacións Culturais...)
- Establecemento de reunións trimestrais cos veciños de tódalas parroquias.

Fernando
Pérez



C/ Juan Fuentes Echevarría, Nº 3-5 1º
36650 Caldas de Reis
Pontevedra

T. 621224620
E. info@ppcaldas.es

f @ppcaldasdereis
i @pp_caldasdereis
t @pp_caldasdereis
621 224 620
ppcaldas.es